



**ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 31 DE MAIO DO 2021**

<p><b>ASISTEN:</b> Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M<sup>a</sup> Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D, Luis Cendán Fernández. Dn. Emilio Mesías Farías. Dna. Cristina Cadena Freire. <b>ASISTEN VIDECONFERENCIA:</b> Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodriguez.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e corenta e catro minutos do día trinta e un de maio do dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodriguez</p>
--	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- **Declaración institucional con motivo del “Día Internacional del Orgullo LGTBI”**

**Dáse conta da proposta da “Declaración institucional con motivo del día internacional del orgullo LGTBI” que a continuación se transcribe:**

**Los Derechos LGTBI son y será siempre derechos humanos**

En 1981, el Consejo de Europa declaraba el derecho a la autodeterminación sexual de hpmbres y mujeres.

Sin embargo carenta años después, la investigación, las encuestas, los informes y la realidad muestran que la discriminación y el discurso de odio contra las personas LGTBI y los crímenes de odio motivados por la LGTBIfovia están creciendo en toda la UE y representan una seria amenaza para el respeto de los derechos fundamentales en la UE.

Y es que, a pesar de los avances alcanzados en materia de derechos LGTBI, quedan muchas lagunas pendientes de ser abordadas por el poder legislativo, especialmente en lo relativo a la lucha contra la discriminación por motivos de orientación sexual e identidad de género y al reconocimiento y protección de las personas LGTBI victimas de delitos.





A esta realidad, se une la excepcional situación sobrevenida con la crisis sanitaria debido a la pandemia del COVID-19 donde las personas lesbianas, gais, bisexuales e intersexuales, que ya son víctimas de violencia y discriminación por su orientación sexual o identidad de género se han visto gravemente afectadas por esta pandemia por lo que es preciso hacer un esfuerzo para garantizar que todas las respuestas a la COVID-19 también tengan en cuenta las repercusiones de las crisis en las personas LGTBI.

En este contexto el papel de los Gobiernos locales ha demostrado, una vez más, que para ser eficiente y eficaces, se debe adoptar un enfoque basado en la cercanía a la realidad social priorizando los derechos humanos y enmarcando cualquier actuación de en los principios de igualdad y no discriminación, participación, indivisibilidad, empoderamiento y rendición de cuentas.

Somos, los Ayntamientos, Diputaciones Provinciales, Cabildos y Consejos Insulares, garantes de la efectividad de una estrategia clara de lucha por la igualdad y en la defensa de la convicencia ciudadana y agentes esenciales insustituibles de la protección de los derechos y libertades de toda la ciudadanía y defensores de la no discriminación, con independencia de la raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social.

En el decimosexto aniversario del matrimonio igualitario en España, hecho histórico de gran simbolismo, los gobiernos locales reunidos en la FEMP.

- Condenamos enérgicamente cualquier discriminación contra las personas LGTBI y sus derechos fundamentales, incluida la incitación al odio.
- Recordamos la importancia de tomar medidas concretas para poner fin a la discriminación contra las personas LGTBI.
- Manifestamos nuestra especial preocupación ante el repunte del discurso del odio e instamos a las instituciones y a la sociedad civil a que intensifiquen su trabajo sobre el intercambio de mejores prácticas y refuercen su cooperación en la lucha contra el racismo, la xenofobia, la homofobia, la transfobia y otras formas de intolerancia.
- Reconocemos la importancia de recopilar datos de igualdad comparables y desglosados recopilados por territorios, que permitan medir el alcance total de la desigualdad en España y formular políticas significativas para la aplicación del Derecho de igualdad de la UE.
- Apoyamos todas aquellas acciones locales, regionales, nacionales y europeas que tengan por finalidad la promoción de la igualdad, especialmente las dirigidas a luchar contra los estereotipos y a mejorar la aceptación social de las personas LGTNI.
- Reconocemos el trabajo de las organizaciones de la sociedad civil que trabajan por los derechos de las personas LGTBI y el valor de la colaboración con las Autoridades Locales para poner fin a cualquier discriminación existente y seguir impulsando unas políticas públicas igualitarias e inclusivas.

Sometida a votación a incorporación da proposta **“Declaración institucional con motivo del día internacional del orgullo LGTBI”** no orde do día, o Pleno do Concello por





unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP, 2 do BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Sometida a votación a proposta “**Declaración institucional con motivo del día internacional del orgullo LGTBI**”, o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP, 2 do BNG), acorda prestar a súa aprobación

**Punto núm. 2.- Aprobación se procede da acta do 26 de abril de 2021.**

Sometida a votación a aprobación a acta correspondente a sesión de data 26 de abril, o Pleno do Concello por 11 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP) e 2 abstencións (2 do BNG), acorda prestar a súa aprobación

**Punto núm. 3.- Proposta continuación-celebración sesións telemáticas órganos representativos e de goberno do Concello.**

Dáse conta da proposta continuación-celebración sesións telemáticas órganos representativos e de goberno do Concello de data 27 de maio de 2021 que a continuación se transcribe:

**PLENO PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ACORDO DE CONTINUACIÓN-CELEBRACIÓN TELEMÁTICA DAS SESIÓNS DOS ÓRGANOS REPRESENTATIVOS E DE GOBERNO DO CONCELLO DE ARES.-**

A Organización Mundial da Saúde elevou o pasado 11 de marzo de 2020 a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 a pandemia internacional. A evolución dos feitos require a adopción de medidas inmediatas e eficaces para facer fronte a esta conxuntura.

Para dar resposta a esta grave crise, o Goberno de España decretou o estado de alarma a través do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Habéndose promulgado pola Presidencia da Xunta de Galicia o **Decreto 77/2021, do 7 de maio, polo que se declara a perda de efectos a partir das 00,00 do 9 de maio de 2021 das medidas adoptadas pola Presidencia da Xunta de Galicia na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia** (DOG núm. 86-bis, de 7 de maio de 2021), así como a Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real Decreto 956/2020, do 3 de novembro (DOG núm. 86-bis, de 7 de maio de 2021) e a Orde do 12 de maio de 2021 pola que se modifica o Anexo II da Orde do 7 de maio de 2021 citada anteriormente (DOG núm. 89-bis, de 12 de maio de 2021).





Vista a Nota informativa da Dirección General de Régimen Jurídico Autonómico y Local del Ministerio de Política Territorial y Función Pública, sobre a posibilidade de que os órganos representativos locais e de goberno (Plenos, Xuntas de Goberno, Comisións informativas, Xuntas de Contratación) poidan reunirse de maneira telemática e adoptar acordos durante o devandito estado de alarma.

Á vista desta situación e atendendo á situación sanitaria que concorre e ante as recomendacións das Administracións do Estado e Autonómica derivadas do devandito Decreto 77/2021, do 7 de maio, polo que se declara a perda de efectos a partir das 00,00 do 9 de maio de 2021 das medidas adoptadas pola Presidencia da Xunta de Galicia na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 86-bis, de 7 de maio de 2021) e as sucesivas Ordes, que foron obxecto de ratificación xudicial polo T.S.X. de Galicia; desde este Concello entendemos que debemos seguir aplicando as medidas que sexan necesarias para protexer a saúde e seguridade dos cidadáns e conter a progresión da enfermidade.

Vista a posibilidade que outorga o artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local segundo redacción dada pola Disposición Final segunda do R.D.L. 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e conómico para facer fronte ao COVID-19 para celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos en situacións excepcionais como a que agora vivimos.

#### PROPOÑO

**PRIMEIRO.** Seguir celebrando ata final de outubro de 2021 sesións ordinarias ou extraordinarias do Pleno, Xunta de Goberno e Comisións Informativas que se celebrarán a través de videoconferencia ou outro sistema tecnolóxico ou audiovisual que garanta adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten. Elo sen prexuízo da súa revisión en orde a ampliar o prazo ou deixar sen efecto a medida proposta.

Ares, a 19 de maio de 2021

O Alcalde.- Ado: Julio I. Iglesias Redondo

#### LEI 7/1985 DE 2 DE AGOSTO DE BASES DE RÉXIME LOCAL

Artigo 46.3 (introducido pola Disposición Final segunda do R.D.L. 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e conómico para facer fronte ao COVID-19

3. En todo caso, cuando concurren situaciones excepcionales de fuerza mayor, de grave riesgo colectivo, o catástrofes públicas que impidan o dificulten de maneira desproporcionada el





normal funcionamiento del régimen presencial de las sesiones de los órganos colegiados de las Entidades Locales, estos podrán, apreciada la concurrencia de la situación descrita por el Alcalde o Presidente o quien válidamente les sustituya al efecto de la convocatoria de acuerdo con la normativa vigente, constituirse, celebrar sesiones y adoptar acuerdos a distancia por medios electrónicos y telemáticos, siempre que sus miembros participantes se encuentren en territorio español y quede acreditada su identidad. Asimismo, se deberá asegurar la comunicación entre ellos en tiempo real durante la sesión, disponiéndose los medios necesarios para garantizar el carácter público o secreto de las mismas según proceda legalmente en cada caso.

A los efectos anteriores, se consideran medios electrónicos válidos las audioconferencias, videoconferencias, u otros sistemas tecnológicos o audiovisuales que garanticen adecuadamente la seguridad tecnológica, la efectiva participación política de sus miembros, la validez del debate y votación de los acuerdos que se adopten.

Sometida a votación a aprobación a “**Proposta continuación-celebración sesións telemáticas órganos representativos e de goberno do Concello**” o Pleno do Concello por 11 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP) e 2 en contra (2 do BNG), acorda prestar a súa aprobación.

**Punto núm. 4.- Dar conta remisión ao MHAP liquidación orzamento 2020.**

Dáse conta do informe remitido oo MMHH da liquidación orzamento 2020 de data 28 de abril de 2021 que a continuación se transcribe:

Gto. Comp. Liquid 2020 (6)	Liqui. 2019 (GC2019) (1)	Gto. Inv.Fin. Liquid. 2019 (11)	Tasa de referencia (2)= (1)-(11)*(1+TRCPIB)	Pto 2020 (IncNorm 2019) (3)	Gto. Inv. Fin. Liquid. 2020 (4)	Limite Regla Gasto (5)= (2) +(3)
11-15-004-AA-000 5.467.970,92€	5.369.392,91€	0,00€	5.534.906,52€	0,00€	-69.436.52€	5.534.906,52€
Total Gto Compu. 5.467.970,92€	5.389.392,91€	0,00€	5.534.906,52€	0,00€	-69.436,52€	5.534.906,52€

O Concello pleno dáse por enterado.

**Punto núm. 5.- Dar conta cumprimento regra de gasto liquidación orzamento 2020.**

Dáse conta do informe actualizado de cumprimento da regra de gasto liquidación 2020 que a continuación se transcribe:

Entidad	Gasto computable Liq.2019 sin IFS (GC2019) (1)	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2019) (11)	Gasto inversiones (2)= (1)-(11) (1+TRCPIB)	Aumentos/ Disminuciones (art.12.4) Pto.Act 2020 (IncNorm2020) (3)	Gasto inver. financieramente sostenibles (2020) (4)	Límite de la Regla Gasto (5)=(2)+(3)	Gasto com Liquidación (GC2020) (6)
11-15-004-AA-000 Ares	5.389.392,91	0,00	0,00	0,00	-69.436,52	5.467.970,92	5.467.970,92
<b>Total Gto. computable</b>	<b>5.389.392,91</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>-69.436,52</b>	<b>5.467.970,92</b>	<b>5.467.970,92</b>





Diferencia entre el "Límite de la Regla de Gasto" y el "Gasto computable Li. 2020" (GC2020) (5)+(6+)..... -  
% incremento gasto computable 2020/2019.....1,46

¿Tiene la Corporación Local un Plan Económico Financiero (PEF) vigente en 2018.....No

Límite de la regla del gasto del PEF vigente en 2020 (7)

Diferencia entre el "límite de la regla del gasto PEF vigente en 2020" y el "Gasto computable Liq. 2020" (GC2020 (7)-(6)

NO SE EVALÚA EL CUMPLIMIENTO DE LA CORPORACIÓN DE LA REGLA DE GASTO de acuerdo con LG 2/2012 as suspenderse las reglas fiscales para 2020 y 2021, por Acuerdo del Consejo de Ministros de 6 de octubre de 2020 y teniendo en cuenta el Acuerdo del Congreso de los Diputados de 20 de octubre de 2020.

O Concello Pleno dáse por enterado

**Punto núm. 6.- Aprobación se procede do recoñecemento extraxudicial 1/2021.**

Dáse conta do informe de Secretaría-Intervención "Recoñecemento Extraxudicial de crédito 1/2021 e convalidación de obrigas adquiridas" de data 20 de maio de 2021 que a continuación se transcribe:

**INFORME DE SECRETARÍA**

*ASUNTO: Recoñecemento extraxudicial de crédito nº. 1/2021 e convalidación de obrigas adquiridas.*

Visto o procedemento incoado para o pago de 319.036,41 € con cargo ao orzamento do exercicio en curso, derivados de gastos aprobados en exercicios anteriores ao de 2021, os cales non foron obxecto do oportuno recoñecemento contable, así como dalgunhas obrigas que non seguiron os esenciais e preceptivos trámites de autorización administrativa, esencialmente os previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o funcionario que subscribe emite o seguinte

**INFORME:**

**1º.-** O principio de anualidade orzamentaria, tamén chamado de especialidade temporal, debe entenderse nun dobre sentido, como de anualidade de aprobación e anualidade de execución, no sentido de que os ingresos e gastos, previstos no mesmo, han de realizarse dentro do período anual.

**2º.-** Así o artigo 163 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a el imputaranse :





- Os dereitos liquidados no mesmo, calquera que sexa o período de que deriven.
- As obrigas recoñecidas durante o mesmo.
- As obrigas recoñecidas durante o exercicio.

**3º.-** Este artigo 163, a diferenza do artigo 34 da Lei Xeral Orzamentaria (Lei 47/2003, de 26 de novembro) atende para a imputación temporal dos gastos, non ao criterio do pagamento, senón ao criterio do contraído, é dicir, criterio do momento no que se recoñece ou se liquida a obriga.

**4º.-** Dentro das quebras e, no concernente ao principio de anualidade orzamentaria, temos tres figuras distintas:

- Os gastos plurianuais.
- Os expedientes de incorporación de remanentes.
- Os recoñecementos extraxudiciais de crédito.

É precisamente este último suposto o que agora nos ocupa.

**5º.-** Esta figura que xa viña recollida no artigo 448.3 do Texto Refundido aprobado polo R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, vén regulado actualmente no artigo 23.1 do devandito Texto Legal e no artigo 60 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril e aínda que nun principio puidese supor unha contradición co artigo 173.5 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo e co artigo 47 da Lei Xeral Orzamentaria (Lei 47/2003, de 26 de novembro) que declara nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais con rango inferior a Lei que incumpran esta limitación, sen prexuízo das responsabilidades reguladas no título VII desta Lei, a Xurisprudencia do Tribunal Supremo ha declarado en doutrina reiterada, que son de obrigado cumprimento os compromisos adquiridos aínda con infracción de precepto e todo iso baseado no artigo 20 da Lei 47/2003 Xeral Orzamentaria que establece que as obrigas económicas do Estado nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que, segundo dereito se xeneren, e o propio Código Civil que no seu artigo 1089 enumera entre os actos ou feitos xeradores de obrigas "os actos e omisións ilícitos ou en que interveñan culpa ou negligencia".

O feito de non recoñecer as obrigas asumidas baseándose no principio de anualidade orzamentaria daría lugar tamén a aplicar a teoría do enriquecemento inxusto ou sen causa para a Administración.

Todo iso sen prexuízo da responsabilidade de carácter civil, penal ou disciplinaria a que fai referencia o artigo 175 da Lei 47/2003 Xeral Orzamentaria.

**6º.-** Unha vez finalizado o exercicio orzamentario de 2020, figuran novamente créditos por valor de 319.036,41 que non foron recoñecidos nos exercicios correspondentes ao carácter de crédito orzamentario, por tanto, a única solución posible para solucionar este problema é acudir ás previsións legais mencionadas anteriormente e aprobar o recoñecemento en base ao artigo 50.12 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.





7º.- Unha parte pequena das obrigas derivadas das facturas obxecto de recoñecemento e convalidación poderían ser obxecto de tramitación mediante a figura de contrato menor previsto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que unicamente require da aprobación do gasto e posterior recoñecemento da obrigación, sen necesidade de formalización de contrato administrativo, tal como despréndese de dita figura prevista na citada Lei 9/2017, de 8 de novembro, avalada pola interpretación que efectúa a **Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Economía e Facenda -Dirección Xeral do Patrimonio do Estado- no Informe nº 40/95, de 7 de marzo de 1996 "Contratos menores"**.

Tamén é de significar que gran parte das obrigas a recoñecer pertencen a servizos de tracto sucesivo que por diversas causas foron emitidas no ano 2021 como son as correspondentes a Comercializadora-suministro enerxía eléctrica, NATURGY IBERIA, S.A., SOGAMA-SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE e a empresa que xestiona o contrato do SAF "Servicios Sociais Virxe de Carme" ou o mantemento dos ascensores entre outros primordialmente. Tamén corresponden a suministros eléctricos por parte de **IBERDROLA**, que consecuencia da licitación do suministro eléctrico mediante adhesión á **central de contratación da FEMP**, supuxo un cambio de suministrador de NATURGY-COMERCIALIZADORA a IBERDROLA cun importante aforro económico sobre algo máis de 70.000 euros anuais. Pois ben, IBERDROLA non facturou no exercizo 2020, emitindo as facturas do exercizo 2020 no exercizo 2021, e respecto á outra cantidade relativamente importante respecto ó total do recoñecemento extraxudicial (108.435,30 euros) corresponden ou derivan da situación por débeda correspondente a un bombeo da **EDAR Ares-Fene-Mugardos** executada pola Xunta de Galicia e a asunción polo Concello de Ares da xestión do servizo de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (Conduccións e bombeos) Ares-Fene-Mugardos en virtude do Convenio de 26 de novembro de 2007 de colaboración entre os Concellos de Ares, Fene e Mugardos para o desenvolvemento conxunto da cesión ou posta a disposición de terreos para a execución da "Actuación de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol. Ares, Fene e Mugardos" segundo anteproxecto aprobado definitivamente o 6-11-2007 polo Presidente da Empresa Pública de Obras e Sevizos Hidráulicos da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible así como do Convenio de colaboración entre os Concellos de Ares, Fene e Mugardos para a xestión compartida do servizo de bombeos da obra "Actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol (EDAR) segundo acta da Comisión Mixta de Coordinación Xestión compartida do Servizos de Bombeos de 5-12-2012 e acordos plenarios de aprobación polo Concello de Mugardos do devandito Convenio de 30-08-2012 e Concello de Fene de 6-09-2012.

Dito acordo corresponde a un bombeo (As Cagallas) non previsto na xestión dos tres Concellos da EDAR, resolvéndose parcialmente co acordo **extraxudicial asinado en Santiago de Compostela o 30 de decembro de 2019 entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, os concellos de Ares, Fene e Mugardos e Depuradora de Ares S.A., acordándose aboar por Augas de Galicia a cantidade de 1.132.906,17 €. e dispoñéndose un novo sistema de abono polos Concello de Ares-Fene e Mugardos a partir do 1-01-2020.**





Pois ben, dunha reunión dos tres Concellos coa empresa, acordouse que os Concellos ingresarían ao Concello de Ares as cantidades correspondentes ao ano 2020, e o Concello de Ares á súa vez aboaríaa empresa o importe correspondente á súa parte do ano 2020, como así foi. O Concello de Ares abonou a cantidade de 54.217,65 euros, e o Concello de Fene transfiriu ao Concello de Ares 108.535,3 euros obxecto de parte do presente recoñecemento extraxudicial correspondente ao ano 2020 o pasado 21-04- 2021, estando pendentes do ingreso da parte do Concello de Mugar dos por ese concepto por importe de 54.217,65 euros que deberá ser obxecto dun novo expediente de recoñecemento extraxudicial para o seu abono á empresa a efectos de regularizar ano 2020.

Na súa virtude, expostas as consideracións, e en atención á situación creada e á vista da doutrina xurisprudencial da teoría do enriquecemento inxusto da Administración sentada entre outras polas Sentenzas do Tribunal Supremo de 5-4-1994, R.A. 1994/4143; S. 13-5-1993, R.A. 1993/3413; S. 21-11-1981, R.A. 1981/5267; S. 12-2- 1990, R.A. 1990/984; S. 25-4-1989, R.A. 1989/3476; S. 20-12-1988, R.A. 1988/10046; S. 26-1-1988, R.A. 1988/429; S. 20-10-1097. R.A. 1987/8667; S. 2-11-1987, R.A. 1987/7765; S. 29-12-1986, R.A. 1987/1574R.A. 1985/934; S. 13-7-1984, R.A. 1984/4676; S.12-6-1984, R.A. 1984/3463; S. 24-1-1984, R.A. 1984/153; S. 8-7-1983, R.A. 1983/3917; S. 8-2-1983, R.A. 1983/645; S. 26-1-1983, R.A. 1983/365; S. 12-1-1983, R.A. 1983/244; S. 18-10-1982, R.A. 1982/6389; S. 3-11-1980, R.A. 1980/4255; S. 29-10-1980, R.A. 1980/3964; S. 12-2-1979, R.A. 1979/908, a xuízo do funcionario que subscribe procede convalidar as facturas correspondentes ao expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e a súa aprobación.

Tal é o meu informe, non obstante o Pleno da Corporación co seu superior criterio acordará o que estime conveniente, significando que conforme as bases de execución do orzamento e a teor do previsto no artigo 23.e do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo cal se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local, en caso de existencia de consignación orzamentaria, a competencia para a súa aprobación corresponde á Alcaldía, a sensu contrario, de non existir consignación orzamentario a súa aprobación correspondería ao Pleno da Corporación.

Ares, a vinte de maio de 2021

O SECRETARIO,

Sometida a votación a aprobación se procede do **“Recoñecemento Extraxudicial de crédito 1/2021”**, o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL) e 5 en contra (2 do BNG, 3 do PP), acorda prestar a súa aprobación

**Punto núm. 7.- Adxudicación operación préstamo.**

**Dáse conta da acta da reunión celebrada pola mesa de contratación do Concello de Ares o día 18 de Maio de 2021, que a continuación se transcribe:**

ACTA DA REUNIÓN CELEBRADA POLA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE ARES O DÍA 18 DE MAIO DE 2021.-





No Concello de Ares, sendo as 12,00 horas do día 18 de maio de 2021, previa convocatoria ó efecto, reúnese a Mesa de Contratación do Concello baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO, con asistencia dos Sres. membros seguintes:

PRESIDENTE: D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.

SECRETARIO: D. JOSE ANGEL CARBALLO FEIJOO.

VOGAIS: D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.

DÑA. CARMEN GONZALEZ TENREIRO.

Aberto o acto pola Presidencia, procedese a apertura das ofertas presentadas para a concertación dunha Operación de Prestamo a longo prazo por importe de 2.100.000.- euros, cun prazo de amortización de 15 anos e dous de carencia.

Polo Sr. Secretario, dase conta que se xiraron invitacións para participar as Entidades:

ABANCA.

BBVA.

BANCO SABADELL S.A.

CAIXABANK S.A.

BANCO SANTANDER.

Presentado oferta únicamente ABANCA e BBVA.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, procedese a apertura das ofertas presentadas co seguinte resultado:

PLICA NÚM. 1.- Presentada por D. Javier Pascual Llorente con D.N.I. núm. 3.470.313-G e Dna. Rosa Romero Molina con D.N.I. núm. 02.543.007-N, actuando en representación de Banco Bilbao Vizcaya SA, con CIF núm. A48265169 os cales presentan a seguinte oferta:

IMPORTE: 2.100.000.- EUROS.

PAZO: 15 anos (Incluídos 2 anos de carencia). TIPO DE INTERES EURIBOR 3 MESES: + 0,79 %.  
LIQUIDACIÓN TRIMESTRAIS.

TIPO DE INTERESES DE DEMORA: 2,25% (Demora inicial para sucesivos, se incrementa un 2% o tipo resultando de cada período).

PLICA NÚM. 2.- Asinada por D. Alvaro Rodríguez con D.N.I. núm. 33.316.437-V, actuando en representación de ABANCA con C.I.F. núm. A70302039, quen presenta a seguinte oferta:

IMPORTE. 2.100.000 Euros.





TIPO INTERES: Euribor a 3 meses + 0,71 % ( mínimo 0%).

TIPO DE INTERES DE DEMORA: 1% sobre o interés deudor en cada momento de cálculo.

LIQUIDACIÓN DE INTERESES: Trimestral.

PRAZO: 180 MESES.

CARENCIA: 24 MESES.

GARANTÍA: Persoal, ante fedatario público municipal.

Está oferta condiciónase á incorporación desta operación nos orzamentos de 2021.

Acto seguinte dase conta do informe do Sr. Secretario-Interventor de data 24 de febreiro de 2021, sobre **AVALIACIÓN DO PRINCIPIO DE PRUDENCIA FINANCEIRA**, no que fai constar expresamente que **“O Tipo de interese máximo ofertable polas entidades financeiras = Euribor a 3 meses + 1,0149%”**.

Visto que ambas ofertas cumpren o nomeado **PRINCIPIO DE PRUDENCIA FINANCEIRA** , no que fai constar expresamente que **“O Tipo de interese máximo ofertable polas entidades financeiras = Euribor a 3 meses + 1,0149%”**.

Visto que ambas ofertas cumpren o nomeado **PRINCIPIO DE PRUDENCIA FINANCEIRA**, resolverse admitilas.

Acto seguinte e examinadas as mesmas a Mesa de Contratación por unanimidade acorda propoñer para súa adxudicación á oferta presentada pola entidade ABANCA por considerala máis ventaxosa para os intereses municipais, e dar traslado ó Concello Pleno para súa adxudicación se procede.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e trinta minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, dase por rematado o acto de todo o cal eu como Secretario certifico.

POLA MESA DE CONTRATACIÓN,

Sometida a votación a “Adxudicación Operación Préstamo 2021”, o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL), 2 en contra (2 do BNG) e 3 abstencións (3 do PP), acorda prestar a súa aprobación

#### **Punto núm. 8.- Desafectación tramo camiño en Porta de Seixas-Lubre.**

Dáse conta do informe de secretaría “Cambio de trazado camiño en Porta de Seixas” de data 29 de abril de 2021, que a continuación se transcribe;

#### **INFORME DE SECRETARÍA**





**Asunto: CAMBIO TRAZADO CAMIÑO NO LUGAR DE PORTA DE SEIXAS.**

En cumprimento do ordenado pola Xunta Local de Goberno en data 22 de abril de 2021, de conformidade co establecido no artigo 3.3. do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

**INFORME ANTECEDENTES**

Obran planos de situación actual-situación resultante e situación proposta de febreiro de 2015 elaborados polo Enxeñeiro Técnico Agrícola O. Gómez Margareto e informe dos servizos de urbanismo de 19 de outubro de 2015.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**Primeira.** O Concello ten a potestade de aceptar ou non a proposta de cambio de trazado en función de se a proposición é ou non afín ao interese público e beneficiosa ou non para o común dos veciños.

A teor da Lei 8/2013 de 28 de xuño, de estradas de Galicia, neste caso non estamos en presenza dunha “estrada”, tal como infírese do previsto polo seu artigo terceiro;

**Artigo 3 Concepto de estradas**

«1. Son estradas as vías de dominio e uso públicos proxectadas e construídas fundamentalmente para a circulación de vehículos automóbiles.

2. Aos efectos da presente lei, non terán a consideración de estradas, nin se incluírán, por tanto, nas redes da Comunidade Autónoma ou das entidades locais:

As vías urbanas, entendidas como as que compoñen a rede interior de comunicacións dunha poboación, excepto as travesías e os tramos urbanos das estradas.

Os camiños públicos ou privados, entre os que se inclúen os camiños de servizo, veciñais, agrícolas, forestais ou pecuarios».

A competencia para actuar sería pois do Concello, competencia que se dispón polo artigo 25.2 d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; «Artigo 25 (...) 2. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade»

**Segunda.** No suposto de apreciar convinte o cambio de trazado de camiño público, deberíase valorar se o trazado agora proposto é de fácil alcance, cuestión que o técnico significa que conlevaría unha regularización do mesmo, debéndoo particular propor co cambio de trazado a cesión do novo terreo ó Concello; cesión que deberíase formalizar. Á súa vez, posiblemente e





dalgún modo o particular enténdase favorecido ou beneficiado co cambio de trazado, co que a Administración tería a opción de propor aquela cesión.

Mesmo poderíase considerar a priori unha permuta, pois o particular entrega á Administración o tramo para o novo trazado e na que a Administración entrega ao particular o terreo polo que até agora discorre o camiño. Esta cuestión con todo non sempre resulta práctica ou sinxela, iso por varios motivos tales como a realidade física do terreo, o posible desinterese do particular e a posiblemente necesaria segregación do terreo.

Nembargantes no informe técnico queda xustificado o cambeo a efectos da evidente mellora da comunicación, cun valor equivalente entre ambos terreos.

**Terceira.-** Á súa vez, tanto para a permuta, como para o simple cambio de trazado) previamente deberíase desafectar o trazado do camiño actual.

Neste sentido e en canto á alteración da cualificación xurídica dos camiños, como a de os demais bens de dominio público, esíxese a tramitación do correspondente expediente que acredite a conveniencia, oportunidade e legalidade, conforme determina o apartado 1 do artigo 8 do Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba Regulamento de Bens das Entidades Locais, concluíndo o apartado 2 do mesmo precepto que; *“O expediente deberá ser resolto, previa información pública durante un mes, pola Corporación Local respectiva, mediante acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da mesma.”*

Diso derívase una desafectación do trazado do camiño que deixará de ser tal e a unha afectación ao uso público do “novo” tramo de devandito camiño que quedaría incorporado a este.

O órgano competente para a desafectación, conforme ao artigo 22 f) da xa citada Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, será o Pleno, órgano que deberá adoptar tal acordo expreso de alteración da cualificación xurídica do tramo de camiño afectado (antigo tramo) para convertelo en patrimonial e dispor del para a súa permuta.

O novo trazado incorporárase ao inventario como ben demanial, e, como se infere do precepto arriba exposto, tanto esta afectación como a desafectación do trazado anterior, estarían suxeitas a exposición pública, momento no que se posibilitarían as alegacións.

#### CONCLUSION

O Concello poderá decidir se acepta ou non a proposición do cambio de trazado, non achándose de ningún modo vinculado pola proposta efectuada polos peticionarios, se ben técnicamente queda xustificada en base a súa completa regularización.

O órgano competente para decidir sería o Pleno, e o expediente someteríase a información pública.

Ares, a 29 de abril de 2021





O Secretario

Sometida a votación a aprobación **“Desafectación tramo camiño en Porta de Seixas-Lubre”**, o Pleno do Concello por 11 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP) e 2 abstencións (2 do BNG), acorda prestar a súa aprobación

**Punto núm. 9.- Aprobación se procede da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche e utilización de contadores e instalacións análogas no Concello de Ares.**

**Dáse conta da proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche e utilización de contadores e instalacións análogas no Concello de Ares” que a continuación se transcribe:**

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA VIXENTE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓN ANÁLOGAS NO CONCELLO DE ARES ( BOP nº 296 do 28.12.1998 )

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno central publicou o pasado 24 de febreiro de 2020 a Orde ICT/155/2020, de 7 de febreiro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado de determinados instrumentos de medida na que, entre outras, establece un período máximo de vida útil, de acordo ao establecido no artigo 8.3 da Lei 32/2014, de 22 de decembro, para aqueles instrumentos nos que o custo asociado ao control metrolóxico de instrumentos en servizo sexan similares ou superiores ao custo de reposición do instrumento.

A vida útil para os contadores de auga ven recollida no Anexo III Apartado 4.

Vida útil.

1. De conformidade co establecido no artigo 8.3 da Lei 32/2014, de 22 de decembro, desenvolvido polo artigo 16.2 do Real Decreto 244/2016, de 3 de xuño, a vida útil dos contadores de auga limpa e dos contadores de auga para outros usos será de 12 anos

2. Estos contadores non estarán suxeitos a verificación periódica. 3. Prohíbese a reparación ou modificación destes contadores

En cantos aos prazos para facer efectiva esta obriga estarase ao disposto na Disposición transitoria primeira que indica:

Disposición transitoria primeira. Vida útil, substitución de instrumentos en servizoo.

1. Aqueles instrumentos de medida nos que no seu anexo defínase un período de vida útil, e que estando en servizo á entrada en vigor desta orde superasen o dito período





ou vaian a superalo nos cinco anos seguintes, deberán substituírse nun prazo máximo de cinco anos dende a entrada en vigor desta orde.

A maior parte dos elementos do parque de contadores do subministro de auga aresán xa cumpriu ou está próximo a facelo o prazo de vida útil regulado na normativa estatal. O goberno local, atendendo a esta circunstancia, aboga por unha substitución en bloque e a cargo do servizo de augas municipal. Esta opción favorecería a unificación de modelos de contadores en toda a rede municipal ademais da comodidade para a veciñanza ao pasar a ter un equipo alugado cuxo mantemento recaerá no propietario, neste caso o propio Concello de Ares .

Tendo en conta esta obriga faise necesario modificar a ordenanza fiscal REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS NO CONCELO DE

ARES para incorporar por unha banda o prezo da substitución e subministración do contador por remate da súa vida útil no caso de elixir a opción de alugueiro, e por outra banda o prezo do alugueiro e mantemento trimestral de optar por esta vía.

Outra das cuestións de feito que se pretenden recoller na ordenanza reguladora a través desta modificación é o establecemento dunha medida disuasoria para que as persoas promotoras da construción de vivendas non utilicen o subministro de auga de obra de xeito permanente. O desfrute dun subministro ordinario de auga potable da rede municipal de abastecemento favorece ás veces unha dilación no cumprimento das obrigas urbanísticas, toda vez que ata que se obteña a licenza de primeira ocupación non é posible acceder a un contrato ordinario.

A finalidade da modificación proposta é procurar que non se dilate a conversión dun contrato de abastecemento de auga de obra a un de contrato ordinario .

Por último actualízanse a prezos de Mercado os importes das demolicións e reposicións das acometidas de auga e saneamento, que mantiñan uns importes totalmente desactualizados.

Por último,

Por todo o exposto:

Modifícase o artigo 5 parágrafo segundo incorporando ao seu final esa aliña:

“As subministracións de auga de obra terán un custe polo m3 de consumo e de cuota de servizo seguintes:

Consumo de ata 30 m3/trimestre: 0,42 €/m3+IVE

Consumo de 31 ata 40 m3/trim. : 0,82 €/m3+IVE.





Consumo de 41 ata 50 m<sup>3</sup>/trím. : 0,89 €/m<sup>3</sup>+IVE.

Consumo de 51 ata 100 m<sup>3</sup>/trim. 0,96 €/m<sup>3</sup>+IVE.

Consumo de 101 ata 300 m<sup>3</sup>/trím. 1,02€/m<sup>3</sup>+IVE.

Consumo de 301 ata 600 m<sup>3</sup>/trim. 1,08€/m<sup>3</sup>+IVE.

Consumo de 601 ata 900 m<sup>3</sup>/trim.: 1,14 €/m<sup>3</sup>+IVE.

Consumos de máis de 900 m<sup>3</sup>/trím. 1,20 €/m<sup>3</sup>+IVE.

Consumo mínimo de 10 m<sup>3</sup>/trim. 0,408 €+IVE.

Cuota de servizo:

- a) 12,52 €/trim. + IVE. Empadroados.
- b) 15,04 €/trim. + IVE. Non empadroados.

\*Cuota por alugueiro e mantemento de contador tras a súa primeira instalación (este mantemento implica que as substitucións posteriores tras o remate da vida útil do equipo así como as reparacións ou avarías do mesmo sexan asumidas polo servizo de augas municipal.

\* de 13 a 20 mm : 1 €/trimestre

\* de máis de 20 mm : 2 € / trimestre

Suprímense os puntos 16. 17 e 18 do artigo 5 quedando só un punto como segue:

- Dem. e Repo. de acometida de abastecemento en asfalto, aglomerado, formigón ou beirarrúa.

Metro/lineal: 75 €.

Suprímense os puntos 22. 23 e 24 do artigo 5 quedando só un punto como segue:

- Dem. y Repo. de acometida de saneamento en asfalto. Aglomerado, formigón ou beirarrúa.

Metro/lineal: 80€

Sometida a votación a “Aprobación se procede da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche e utilización de contadores e instalacións análogas no Concello de Ares” o Pleno do Concello por 10 votos a





favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 2 do BNG) e 3 abstencións (3 do PP), acorda prestar a súa aprobación

**Punto núm. 9.- Aprobación se procede da modificación da ordenanza reguladora e Fiscal do estacionamento regulado e da taxa pola súa utilización no Concello de Ares**

Dáse conta da proposta de modificación da ordenanza reguladora e fiscal do estacionamento regulado e da taxa pola súa utilización no Concello de Ares que a continuación se transcribe:

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA E FISCAL DO ESTACIONAMENTO REGULADO E DA TAXA POLA SÚA UTILIZACIÓN NO CONCELLO DE ARES**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional. Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afecta a todos os sectores e individuos.

As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra a pandemia.

O feito de controlarse o brote inicial, tras o establecemento por parte do goberno central de 4 fases coas que completar a desescalada, e superarse a fase III, implicou que quedasen sen efecto as medidas extraordinarias derivadas do estado de alarma, pero iso debe comportar, con todo, a adopción, por parte das administracións competentes, das necesarias medidas de prevención que permitan seguir facendo fronte e controlando a pandemia, tendo en conta a subsistencia, aínda que atenuada, dunha situación de crise sanitaria.

Neste sentido, a Xunta de Galicia, que asumiu de novo a xestión da saúde pública autonómica, ditou a RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta da mesma data, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Dentro da referida resolución, entre outras, establécense unha serie de obrigas de seguridade, hixiene e distancia social para o uso de praias. O apartado 3.30 do Anexo estipula no seu número 4 que “Os concellos poderán establecer limitacións tanto de acceso como de aforo nas praias a fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersoal de seguridade entre usuarios. Para iso poderán tamén establecer límites nos tempos de permanencia nas mesmas, así como no acceso aos aparcamentos en aras de facilitar o control do aforo das praias”.





O Concello de Ares optou por limitar o aforo das praias, de intensa ocupación en período estival, controlando a posibilidade de aparcamento para as persoas usuarias que acudan en transporte privado ás mesmas.

A ordenanza elaborada polo concello de Ares que incluía medidas para poder dar acubillo ás liñas xerais marcadas polas administracións competentes foi aprobada e publicada no BOP número 118 do 29.07.2020.

Este feito, unido á intención, xa reflectida na exposición de motivos da ordenanza que aquí se modifica, de establecer un sistema de regulación de acceso do tráfico rodado de non residentes para a época de verán, independentemente da presenza ou non de restricións sanitarias derivadas do Covid-19, coa finalidade de ordenar de maneira segura e racional todas as superficies susceptibles de aparcamento, levan a adecuar e modificar algún dos artigos existentes.

Tras decaer o estado de alarma o pasado 9 de maio, seguen existindo restricións marcadas pola nosa Comunidade autónoma, sobre todo en canto a número de persoas non convivintes que se poden reunir tanto en espazos abertos como pechados, tanto en públicos como privados. Isto é, trátase de evitar de novo aglomeracións toda vez que a situación sanitaria non está controlada e que o nivel de vacinación aínda non acadou niveis óptimos que permitan unha relaxación amplía das medidas restrictivas, eso sí, non podemos negar que co ritmo actual ao longo do verán poidamos falar dunha alta inmunidade motivo polo que tamén se alivian algunhas das limitacións recollidas na ordenanza, como por exemplo, converter en estacionamento branco nalgúns dos lugares habilitados o pasado verán aos que só se podía acceder mediante reserva previa e pago de taxa.

Por todo o exposto, modifícanse o seguintes apartados:

#### Do CAPÍTULO I. CONCEPTO

Artigo Primeiro, punto 1, parágrafo 2 queda como segue:

Estacionamento azul: de uso xeral, de pago e con franxas horarias.

Aparcadoiro municipal de Chanteiro, aparcadoiro municipal de Seselle, aparcadoiro do Raso, zonas de aparcamento no casco urbán de Ares.

Estacionamento verde: de uso exclusivo para os vehículos recollidos no artigo terceiro punto 2, nos centros urbanos e núcleos rurais do municipio.

Estacionamento branco: de uso xeral, gratuíto e sen franxas horarias en todo o ámbito municipal.

#### Do CAPÍTULO II. SUXEITOS OBRIGADOS AO PAGO DA TAXA E SUPOSTOS

Artigo Terceiro, punto 1, apartado c) queda como segue :





c) os vehículos recollidos no punto seguinte, non estarán obrigados a obter os códigos que lles habiliten para estacionar nas prazas de aparcamento azuis, podendo facelo de maneira directa.

Artigo Terceiro, punto 2, queda como segue:

Estacionamentos verdes.

Dentro dos centros urbanos e núcleos rurais poderanse establecer estacionamentos limitados para vehículos que cumpran as seguintes condicións.

Vehículos con domicilio fiscal no Concello de Ares.

Deberán estar ao corrente de pago do imposto de vehículo de tracción mecánica, así como ter ITV e seguro en vigor.

Vehículos de persoas traballadoras e/ou empresarias das zonas afectadas pola regulación (hostalería, comercio, obras, servizos, etc., a acreditar por calquera medio válido en Dereito) sen abono do IVTM en Ares.

Unha autorización por matrícula válida polo tempo de duración do contrato laboral (traballadores) ou mentres subsista a actividade (empresarios).

Deberán estar ao corrente de pago do imposto así como ter ITV e seguro en vigor.

Vehículos de deportistas federados pertencentes a clubs do municipio sen abono do IVTM en Ares que se despracen para realizar a práctica do seu deporte no municipio. Unha autorización por matrícula válida polo tempo de duración da ficha federativa. Deberán estar ao corrente de pago do imposto así como ter ITV e seguro en vigor.

Estacionamentos brancos: de uso xenérico, gratuítos e sen franxas horarias en todo o ámbito municipal.

O epígrafe do CAPÍTULO III queda como segue :

CAPITULO III. NORMAS DE XESTIÓN DA TAXA E AUTORIZACIÓN DE ESTACIONAMENTO EN ZONAS VERDES

O Artigo Cuarto, punto 2 queda como segue:

2.- Para a obtención da autorización que identifica os vehículos aos que se lle permitirá estacionar de maneira gratuita nas zonas azuis e de maneira libre nas zonas verdes, estes deberán cumprir todos os requisitos establecidos no artigo anterior.

A dita autorización terá unha validez de 1 ano fiscal, contados do 1 de xaneiro ao 31 de decembro.





Finalizado o devandito prazo, só os vehículos indicados no apartado 2 b) e c) deberán proceder á súa renovación ou nova autorización antes do 31 de marzo de cada ano a través do formulario normalizado que deberán cubrir e presentar asinado, achegando a documentación correspondente, no rexistro municipal ou na sé electrónica do concello.

Os vehículos con domicilio fiscal no Concello de Ares non teñen que facer solicitude ningunha toda vez que xa se incorporarán á listaxe de vehículos autorizados.

O control para comprobar que os vehículos estacionados nas zonas verdes posúen a correspondente autorización será realizado pola Policía local a través da lectura da matrícula e o seu cotexo co padrón de vehículos do IVTM, e coas autorización outorgadas ao abeiro do artigo 3, apartado 2.

O Artigo Quinto apartado 1 queda como segue:

As zonas de estacionamento azul sometidas a previo pago esténdense do 1 de xullo a 31 de agosto. O seu horario será de luns a domingo de 11:00 horas a 13:00 horas e de 17:00 horas a 19:00 horas.

O artigo Sexto apartado 1 puntos a e b) quedan como segue  
1. Considéranse infraccións a esta Ordenanza:

Estacionar en aparcamentos azuis sen o código de acceso preceptivo para a franxa horaria correspondente entre o 1 de xullo e o 31 de agosto de cada ano.

Estacionar en aparcamentos verdes sen a autorización correspondente.

O artigo Sexto, apartado 2 queda como segue:

2.- Tamén se consideran infraccións, sen prexuízo da responsabilidade penal na que se poida incurrir, a manipulación, falsificación ou calquera uso fraudulento dos códigos ou autorizacións de estacionamento de maneira manual ou automática.

Sometida a votación a “Modificación da ordenanza reguladora e fiscal do estacionamento regulado e da taxa pola súa utilización no Concello de Ares” o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL) e 5 en contra (2 do BNG e 3 do PP), acorda prestar a súa aprobación

#### **Punto núm. 10.- Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía.**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da L ei 7/1985 de 2 de abril.

#### **Punto núm. 6.- Mocións-Propostas.**





Dáse conta da moción presentada polo grupo BNG “**MOCIÓN SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS**” de data 20 de maio de 2021 que a continuación se transcribe:

O Grupo Municipal do BNG no Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en pleno,

Exposición de motivos:

O Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, reiterando unha proposta que xa fora anunciada en 2018 e 2019. Este debate abriuse despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a raíz de dúas decisións:

- O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, con un custe para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.
- A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custe duns 450 millóns de euros anuais. Ademais, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do parlamento aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP53. Por outra parte, en Galiza existen dúas autovías da Xunta de Galiza con peaxes ás persoas usuarias, a AG 55 e a AG 57, o que supón en agravio e unha discriminación para residentes e empresas das respectivas comarcas, un atranco para a conectividade e a competitividade, e ademais incrementa a inseguridade viaria e merma a calidade de vida na contorna das estradas convencionais que atravesan zonas densamente habitadas.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Amosar a rotunda oposición do Concello de Ares á intención do goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso á servizos básicos como son





as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.

2. **Dar traslado do acordo deste primeiro punto ao Goberno español, nomeadamente ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, así como, aos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados.**

En Ares, a 14 de Maio de 2021

Asdo.: Emilio Mesías Farías

(Concelleiro Portavoz do GM do BNG no Concello de Ares)

Sometida a votación a aprobación da moción presenta polo grupo BNG "**MOCIÓN SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS**" o Pleno do Concello por unanimidade, 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 do BNG), acorda prestar a súa aprobación.

O Sr. Alcalde pregunta si hay algunha moción pola vía de urxencia.

Non hai

Sendo ás 13:02h o Sr José Juan Vilar Rico abandona o pleno.

### **Punto núm. 12.- Rogos e Preguntas**

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías facendo referencia a resolución 181/21 correspondente ao xantar no Café-Bar Avenida Ares en data 19/04/2021, gustaríanos saber cal foi o motivo de ese acto oficial.

En canto a resolución de pago de contías faltan algún conceptos, e no abono de uso radioeléctrico supoñemos que ten que ver algo coas antenas, ou con Montefaro non o temos claro.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que as únicas taxas que se cobran son as das antenas de telefonía móbil, de Montefaro non hai absolutamente nada, son terreos de defensa e os xestionan directamente con eles, con nós non contan para nada, contaron coa última porque tiñan un convenio de cesión asinado e tiveron que preguntar porque ían a conceder unha licenza para unha televisión, de todas formas a nosa ordenanza de uso do espazo radioeléctrico para as telecomunicacións a impugnaron polo tanto acabouse, entón só cobramos a telefonía móbil co que pode ser a antena dos Castros.

En canto a comida no Bar Avenida, efectivamente os gastos de protocolo coa pandemia desapareceron, pero o outro día tivemos unha reunión con membros do Ministerio de Defensa co cal temos unha boa relación, fíxose tarde e como xa era a hora de xantar chamei ao Avenida, eramos 6 e pagamos 61€.





O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia a obra de canalización do río, agora co empedrado do camiño vese o comezo do muro, eu creo que deberíase de falar cos propietarios e retranquear o muro, isto xa o falei co concelleiro de obras, podíase economizar máis do que se está a gastar, eu creo que poderíase falar con eles e propoñerlles o retranqueo de mesmo, aínda que sexan 50 ou 60 metros pero polo menos queda o camiño ben, porque agora pasa un coche pero si ten que ir unha ambulancia o ten complicado.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando porque se debería tirar ese muro en non o da túa propiedade.

Responde a Sra. Marcos García aclarando que é o camiño de Casavella.

Toma a palabra novamente o Sr. Alcalde sinalando que é o vai para Besoxo.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernando dicindo que non falou cos veciños, non sei si estarán dispostos ou non, con 50 metros quedaría ben o camiño, porque si ten que ir unha ambulancia ou un coche un pouco grande non cabe por aí, pódese facer a obra por fases.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que recollese a petición e miramos de lévalo a cabo.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando si estarán rematadas as obras dos depósitos de auga para o verán.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que teñen que estar listos a mediados de xullo porque é o prazo de execución, si puideran estar listos a principios de xullo pois mellor, pero aínda non sabemos a empresa que gañou, hai que mirar quen gaña e o talante que teñen, si se acollen ao prazo teñen ata mediados de xullo e si queren aceleralo a principios de xullo.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que onte había un olor no concello que non se aguantaba, pola noite cando saín a pasear ao can metinme monte arriba e ulía igual.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que abriron os silos para que o ganado coma, aínda que tamén creo pola noite votan purines para abonar as terras pero o de onte eu creo que era silo.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que nos Xabres hai unha parcela cun cartel da deputación que leva moitos anos tirado, cando teñan tempo os operarios que recollan aquilo porque da moi mal efecto.

En canto a Rúa Concepción Arenal hai uns solares que teñen vivenda e están abandonados, a maleza invade a vía pública.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que intentaran notificar ao propietario, de todas formas nun momento dado habería que meterse nas ruínas que vese polo abandono e a maleza, son abandonos sistémicos que a larga levan a ruína, temos o exemplo en Redes que chove todo o inverno afóndese a rúa e afecta a vivenda do veciño. Pasou ca casa Reitoral ata que lles dixemos que a íamos a declarar como ruína non nola cederon, eu creo deberíamos de actuar





nese ámbito nas declaracións de ruína e en consolidar as construcións. Temos na Porta do Sol aquela casa que fai esquina nun abandono total e absoluto e vai a caer, imos a ter que intervir de oficio gastando os cartos do pobo, pero tamén e certo que imos a aprender da tramitación do expediente que é a primeira vez que nos enfrontamos a unha intervención subsidiaria de ese calibre e vai a custar cartos porque esa propiedade ten cargas sucesivas pero ao mellor ao adxudicatario si que lle podemos repercutir os gastos, o que está claro é q é un aprendizaxe para o persoal para que sepan tramitar este tipo de expedientes, cada vez nos especializamos en máis cousas.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e dezaseis minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

*Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente*

*Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor*

